



Federación Galega de Atletismo
Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA
Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.
Correo: comitegalegoxuices@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/cgx/>
<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

COMITÉ GALEGO DE XUÍCES
ACTA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA (23/03/2013)

Data: 23/03/2013

Hora de comezo: 11:15

Hora de remate: 15:30

Lugar: Sala de Xuntas da Delegación da FGA en Ourense

Asistentes:

Eloy Bretal Cancelas	Presidente do CGX
Ángel López-Montesinos	Vicepresidente do CGX
Guillermo Sandino Leira	Secretario do CGX
Rocío López Schmidt	Vocal Delegación de A Coruña
Manuel Garrido Toro	Vocal Delegación de Ourense
Pablo Gandoy	Vocal Delegación de Lugo
Begoña Rodríguez Quintía	Vocal Delegación de Ferrol
José Saturnino Molares	Vocal Delegación de Vigo
Montserrat Barrio	Vocal Delegación de O Barco

Ausentes:

Antonio Domínguez Álvarez	Vocal Delegación de Pontevedra
Rogelio Santos Laíño	Vocal Delegación de Santiago
Dolores Rojas Suárez	Asesora de Marcha
Jorge Blanco Chao	Asesor de Circuitos
Ignacio Rego Tesouro	Asesor de Foto Finish



Acta da reunión

O Presidente saúda aos presentes e agradece a súa asistencia a esta reunión e explica os motivos da ausencia dos non presentes.

Comeza presentando os acordos tomados pola última *Junta de Gobierno* do CNJ na que estivo presente Dolores Rojas como membro da mesma:

- Acordouse uniformar a tódolos xuíces de categoría Nacional en adiante entregándolles pantalón e polo da marca Joma pero cun novo deseño para esta tempada. Informa que en breve pedirá as tallas para informar ao CNJ.
- Informa da concesión da Placa Juan Sastre ao xuíz do comité catalán Luis Zapico. A proposta do CGX de M^a Carmen Torres para esta placa foi rexeitada.
- Infórmase do nomeamento de M^a Carmen Torres como xuíz acompañante da Selección Nacional ao europeo de campo a través.
- Infórmase da celebración do Seminario de Xuíces Árbitros Noveles por parte do CNJ en Pontevedra nesta tempada. Ademais este ano haberá convocatoria de exame de acceso a *Juez Nacional* e *Juez Árbitro*. No caso de haber polo menos 10 inscritos pedirase sede do mesmo en Galicia.
- O CNJ de agora en adiante publicará nas circulares de designacións as designacións falidas tal como ven facendo o CGX nas súas designacións.

Avánzase ao seguinte punto da orde do día: o presuposto do CGX para esta tempada. O Presidente informa de que a FGA dispón de 3.000 € como presuposto para a tempada de este Comité. Infórmase de que os uniformes para os novos xuíces e aqueles que non dispoñen do uniforme completo pediranse en breves datas e o presuposto deles non vai a cargo da partida destinada ao CGX.

Infórmase que este ano os principais gastos do presuposto serán os seguintes:

- Gastos da celebración do último exame de Xuíz Territorial e gastos de desprazamento para esta reunión.
- Curso de saídas: Impartido por Manuel Garrido e Saturnino Molares. Haberá un por delegación para aqueles xuíces que, ou ben xa estean dando as saídas nas delegacións, ou estean interesados en dalas. Manuel Garrido informa de que unha vez feito un cálculo aproximado do custo de desprazamento para estes cursos a cantidade ascende a 500€ aproximadamente.
- Brazaletes para todas as delegacións. O Presidente fala con Montserrat Barrio para que pregunte na súa zona polo presuposto para facer brazaletes dos postos directivos e de xuíces xefe para todas as delegacións. Calcúlase un presuposto de 1000€ para eles. O Presidente recalca a obrigatoriedade do seu uso en canto se dispoña deles.
- Coméntase a idea de facer o II Congreso de Xuíces a finais de ano para coincidir co novo Regulamento IAAF e a partires de este ano facelo cada 2 anos. Coméntase a posibilidade de facelo na Coruña ou ben en calquera outra sede se se pode conseguir algunha subvención para o mesmo.
- Curso de medición indirecta: Guillermo Sandino propón facelo nas mesmas probas na que se utilice o equipo desprazándose el mesmo co equipo para así abaratar coste (podendo



incluso levar o coche con xuíces para colaborar no xurado da proba). Acéptase facelo así e Guillermo pide aos delegados das delegacións que non dispoñen de xuíces que saiban usar o equipo que busquen 2 xuíces interesados.

- Coméntase o tema de intentar ter xuíces nivel I nos cursos a realizar debido a obrigatoriedade dos mesmos para validar Récorde de España.
- Rocío López comenta a falta de operadores de foto-finish. Comenta a posibilidade de formar aos operadores actuais en todos os modelos de cámara de Galicia para facilitar a composición dos xurados. Coméntase que se poden formar a novos xuíces nas delegacións a través dos operadores actuais e pedir o visto bueno ao coordinador de vídeo finish para a súa incorporación ao panel.
- O presidente transmite a información de Dolores Rojas respecto a posibilidade de facer curso de marcha para acceso a panel RFEA B a próxima tempada. Ábrese debate sobre os paneis autonómicos de marcha na que o presidente comenta que agora non teñen excesiva utilidade real xa que a RFEA obriga a que haxa polo menos 4 membros do panel B nun xurado de marcha en probas federadas. Transmítese a Montserrat Barrio que pode formar a xuíces de marcha para o xuzgamento de probas escolares ela mesma no Barco.
- Debátase a tarifa a abonar aos profesores dos cursos oficiais do CGX e esta queda fixada en 36,72€ por curso.
- O presidente informa de que as cámaras de foto-finish se solicitan ás delegacións non ao CGX. O comité galego de xuíces designa operadores pero non se fai responsable das propias cámaras que teñen que ser xestionadas polas delegacións ou pola propia FGA.

Avánzase cara o seguinte punto da orde do día: unificación de criterios de probas escolares. O presidente comenta o problema de diferentes formas de actuar dos xuíces nas probas escolares en Galicia e a importancia de que todos os xuíces actúen da mesma forma. Remarca os seguintes temas:

- Saídas: Manuel Garrido comenta que falou con Gabriel Abad sobre o criterio das saídas para escolares e informa que hasta cadete os atletas poden saír como queiran: de pe, 4 apoios con tacos ou 4 apoios sen tacos. Sigue en vigor a circular RFEA sobre este tema. Recórdase tamén que os veteranos que compitan en probas absolutas deben rexerse polo regulamento IAAF polo tanto deben utilizar tacos para as saídas nas probas que o requiran.
- Táboas de batida: Coméntase que en triple non hai problema, o regulamento de escolares fala de taboa a 6 e 8 metros. O problema está en lonxitude. Coméntase que por norma xeral non se acepten 2 táboas. No caso de que non haxa táboa a 1 metro ou 2 utilizarase cinta e no caso de que algún atleta pida a táboa existente este será o único caso no que permitiremos unha cinta e unha táboa.
- Lanzamento de peso: Coméntase que estanse producindo excesivos nulos en lanzamento de peso nalgúns delegacións. Debátase sobre cando e nulo ou non e que por separar un pouco o peso do pescozo non ten porque ser considerado nulo.

Procédese a tratar o seguinte punto da orde do día: Xurados e Informes do Xuíz Árbitro. O vicepresidente Ángel López-Montesinos comenta que por regra xeral recíbense todos os xurados salvo a delegación de Lugo. Pablo Gandoy comenta que serán remitidos en breve. Acórdase tamén recordar aos



xuíces árbitros que non mandaron o informe a obriga de facelo.

A delegada de A Coruña comenta que sería interesante poder coñecer os informes dos xuíces árbitros das probas realizadas na súa delegación para poder corrixir erros cometidos. Todos os presentes están de acordo e apróbase reenviar os informes aos delegados correspondentes. O CGX comprométese a facelo a partir de agora.

O seguinte punto trata sobre os modos de actuación dos xuíces en competicións. O presidente destaca que os xuíces deberían transmitir seriedade e formalidade para evitar queixas. Repártese un documento cas normas a cumprir por tódolos xuíces para a súa distribución polos delegados. Hai un debate sobre a problemática das formas e actitudes dos xuíces nas probas.

Rematados os puntos da orde do día a tratar procédeuse a abrir o turno de Rogos e Preguntas:

- Rocío López transmite a petición de Jorge Blanco de que o Comité merque un contador Jones para o seu uso polos homologadores galegos. O Presidente contesta que son medidores da RFEA e é a RFEA a que debería comprar os mesmos xa que é ela a que os nomea e forma. Rocío comenta que debería transmitirse ao CNJ esta problemática e o Presidente comenta que, pese a que deberían ser os propios homologadores os que o solicitasen ao CNJ, el comprométiase a levar o tema á próxima reunión de presidentes autonómicos.
- Guillermo recorda a próxima celebración do *Campeonato de España de Maratón* en A Coruña. Eloy, respecto a este tema, recorda á Delegada en Coruña que pese a que no xurado da Maratón non pode dispor de xuíces territoriais xa que todos han de ter licenza RFEA, si pode dispor dos territoriais para o xulgamento da carreira de 10km. Coméntase que se debería facer unha cámara de chamadas para os participantes no campionato de España. Debido a non dispoñibilidade de Rocío López durante a xornada completa da proba, acórdase nomear Directora de Reunión a Rocío López e que esta designe un Adxunto na súa ausencia. Coméntase que para a proba de 10km, ao ser considerada proba local, o xuíz árbitro será nomeado pola delegada. O Presidente informa á Delegada que en canto poida informe ao CGX dos xuíces que necesita para a proba para prever a necesidade de desprazamento de xuíces.
- Manuel Garrido solicita un calendario coas datas nas que pode desprazarse ás delegacións para levar a cabo os cursos de saídas. Solicita que as datas non coincidan con probas en Ourense. Lee unha lista dos xuíces anotados en cada delegación e comenta os detalles do curso, será en xornada teórica pola mañá na que necesitará dispor dun local onde conectar un proxector en xornada práctica na pista pola tarde. Os delegados deberán xestionar o uso da pista e do local para o curso.

Sen ningunha outra pregunta e tema a tratar, o Presidente da por pechada a reunión ás 15:30.

Guillermo Sandino Leira
(Secretario do CGX)